

“En todo o que segue adoptarei, pois, o punto de vista de que a tendencia agresiva é unha disposición instintiva innata e autónoma do ser humano; ademáis, retomo agora a miña afirmación de que aquela constitúe o maior obstáculo co que tropeza a cultura. No curso desta investigación impúxosenos algunha vez a intuición de que a cultura sería un proceso particular que se desenrola sobre da humanidade...

Engadiremos que se trata dun proceso posto ao servizo do Eros, destinado a condensar nunha unidade vasta, na humanidade, aos individuos illados, logo ás familias, as tribus, os pobos e as nacións.

(...) Pero o natural instinto humano de agresión, a hostilidade de un contra todos e de todos contra un, opónse a este designio da cultura. O devandito instinto de agresión é o descendente e principal representante do instinto de morte, que atopamos xunto ao Eros...

Agora penso, o sentido da evolución cultural xa non nós resultará impenetrábel; por forza debe presentarnos a loita entre Eros e morte, instinto de vida e instinto de destrución...”

(Sigmund Freud. O malestar na cultura)

Cuestións Texto:

- 1) Explica o significado do título do libro: *O malestar na cultura*. ¿Por que a cultura xera malestar?
- 2) Freud expresa nesta obra a súa visión da natureza humana: O home como un animal instintivo. ¿Que impulsos aparecen mencionados neste fragmento?, ¿como son caracterizados cada un deles?, tendo en conta o que se afirma no texto: ¿resultan os dous impulsos incompatibles coa cultura? Argumenta as respostas e incorpora máis dunha cita para xustificar as túas respostas.
- 3) Ao fío da película de John Huston sobre Freud: ¿cal sería unha das principais aportacións feitas pola psicoanálise ao estudo da histeria?, con un carácter máis amplo: ¿cal é a particular contribución de Freud para a comprensión da mente humana? Razoa as respostas.